



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

► SE UN É ESPECIALMENTE PERSPICAZ, DESCONFIADO OU RETORTO, MALPENSADO NUNHA PALABRA, PODE ACABAR CONCLUÍNDO QUE SE NON SOBE É PORQUE AS EMPRESAS SE PUXERON DE ACORDO EN QUE NON O FAGA

Ninguén se explica por que non sobe o prezo do leite. Entre os que poderían considerarse ben pensados, claro está. Porque se un é especialmente perspicaz, desconfiado ou retorto, malpensado nunha palabra, pode acabar concluíndo que se non sobe é porque as empresas se puxeron de acordo en que non o faga.

Soster ese exercicio de “malpensamento” resulta relativamente sinxelo. Basta con ver como os prezos en orixe creceron na maior parte do continente durante os últimos meses ou como as cotizacións de produtos industriais coma o leite en po, o queixo ou a manteiga experimentaron unha forte repunta nos mercados mundiais. De feito, desde despois do verán, as poxas de Global Dairy Trade, a plataforma en liña da cooperativa Fonterra, o maior exportador de lácteos a nivel mundial, sempre pecharon á alza. Sen ir máis lonxe, o leite en po enteiro aumentou

Por que non sobe o prezo do leite? Pois depende de se vostede é dos ben ou dos malpensados

un 46 % a súa cotización desde mediados de setembro (o desnatado case un 24 %) e o queixo *cheddar* revalorizouse un 25 % durante ese mesmo período. Mención á parte merece a manteiga, que pechou a primeira sesión de marzo a un prezo de 5.826 dólares por tonelada, o que supón un incremento de nada menos que do 77 % en comparación con hai tan só seis meses.

Coincidirán comigo en que non fai falta ser moi malpensados para asegurar que se esta evolución fose a contrario, serviría como razón de peso para xustificar un recorte dos prezos do leite en orixe. Vaia, que cando a escusa interesa se bota man dela e, cando non, pois miramos cara a outro lado coma se non pasase nada.

Con todo, non creo que as lácteas se puxesen de acordo para conter os prezos (nisto declárome dos ben pensados), máis que nada porque sería ilegal e porque, supoño, algo aprenderían do pasado. Non en balde, aínda pendendo sobre as súas cabezas miles de denuncias e millóns de euros de indemnizacións polas prácticas ilegais que, segundo a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, cometeron durante máis dunha década.

Tamén lles digo que non creo que haxa unha razón obxectiva que xustifique que o leite non subise moito máis do que o fixo (apenas un céntimo nos últimos seis meses). Tampouco as hai para anunciar contratos á baixa á lixeira, como xa fixeron algunhas industrias co apoio remunerado de certos altosfalantes mediáticos. Entendo que nestes casos se trata máis dun globo sonda que doutra cousa. Unha artimaña de feirantes que lanza o *órdago* de

baixar prezos para, finalmente, lograr que a cousa quede como está.

O contrario sería, ademais dunha nova perda (outra máis) económica para as granxas, a constatación definitiva do fracaso das sucesivas reformas do Paquete Lácteo e do seu obxectivo principal de fortalecer a capacidade de negociación dos gandeiros. Tamén unha carga de profundidade para un dos principios básicos da Lei da cadea alimentaria, que era a de asegurar que na fixación dos prezos en orixe deban estar recollidos os incrementos que se produzan nos custos de produción.

A día de hoxe, a cotización do leite en orixe en España está, segundo os datos publicados polo Observatorio do Mercado Lácteo da Comisión Europea, 2 céntimos por baixo do que se rexistra no conxunto da Unión. Mentres no noso país mediou 32,9 céntimos por litro durante o mes de xaneiro, en Alemaña foi de 35,1 e en Francia de 36.

Cobrar pola materia prima o mesmo que os nosos socios europeos suporía aumentar en case cinco millóns os ingresos mensuais dos gandeiros galegos. Unha cifra que se dispararía ata os doce millóns no conxunto do Estado.

Estarán de acordo cun servidor en que moi ben pensado hai que ser para que non nos pase pola cabeza quen pode estar a se quedar con todo este diñeiro. ■